



Na anterior ilustración pódese observar o resultado da cartografía social que realizamos coa participación da entidade Alas. Nela se representan como afectan os discursos de odio nos corpos tendo en conta catro dimensións: mental, relacional, física e emocional. Cada dimensión recibiu unha cor: verde, laranxa, amarelo e rosa respectivamente.

En relación á dimensión mental, representada de cor verde, os discursos de odio non só lles afecta negativamente, senón que, neste senso destacan a ansia por querer saber máis para poder loitar contra eles, representando isto a través dunhas interrogacións. Recibir ou escoitar constantemente discursos de odio fan que se cuestionen a súa existencia, en palabras textuais: “O discurso de odio cuestiona tamén moito a existencia por exemplo no caso das persoas trans, chegan incluso a cuestionar a súa propia existencia, entón, ser ou non ser, existo?”. Por outra banda, de tanto escoitar as distintas formas de referirse ao colectivo LGBTI de maneira despectiva, esas palabras quedan gravadas na súa mente, como se fose unha tatuaxe, creando estigma ao arredor deses termos, e por iso o representan en distintas zonas do corpo con palabras que reciben a diario: maricón, bollera, travelo, “bi”ciosa... O feito de ser constantemente vítimas, como colectivo dos discursos de odio, provoca a nivel mental un bucle de pensamentos negativos, preocupacións, presión... por elo debuxaron un garabato na cabeza.

Na dimensión relacional, representada de cor laranxa, os ollos debuxados en moitas zonas da silueta representan a idea de mirar ao seu redor todo o tempo e estar atento e á defensiva, consecuencia do medo a ser rexeitados, insultados ou agredidos. Isto crea unha desconfianza e inseguridade continua que fai que as persoas vexan minimizado o seu benestar, tal e como comentamos durante a sesión. As raias laranxas ao redor do ‘stop’ representan o medo a que outras persoas se acerquen, xa que anteriormente foron agredidos e iso fai que se pechen á hora de coñecer xente nova, o que lles afecta na hora de establecer novas relacións, tanto de amizade como sentimentais. O círculo que rodea toda a figura representa a burbulla do asociacionismo que xera un espazo seguro do que custa saír, é a zona de confort que dá medo deixar. A impotencia vese representada coa propia palabra escrita encima das cadeas, estas che impiden facer nada, as cadeas che impiden avanzar e por tanto xérase a impotencia de non poder poñer remedio a certas situación que ocorren no día a día, o que contribúe a alimentar a inseguridade constante. Para rematar, representaron o querer ser máis visibles co adhesivo que hai á dereita xunto a perna, co folleto pegado ao lado do brazo esquerdo e có cartel de arriba á dereita onde pon denuncia.

Na dimensión física, que leva por cor o amarelo, destacaron que o colectivo sofre as consecuencias de demasiados discursos de odio e diferentes situacións que consideran que os desprotexe. Isto ocasiona inseguridade e interiorización dos sentimentos de

medo e angustia que foi reflexado en diferentes ocasións nos postits. Defenden tamén o feito de que moitas veces, a nivel físico, os discursos de odio dálles máis forza, polo que desenvolven o sentimento de querer sentirse máis visibles, citando textualmente: “Dinme conta de que hai moitas cousas dos discursos de odio que me afectan a nivel positivo. Unha das sensacións que puxen foi a da rebeldía, e a nivel físico querer ser máis visible”. Tamén, destacan o esgotamento físico que isto provoca xa que o feito de escoitar comentarios repetidamente acaba xerando unha sensación de angustia e rabia isto foi reflexado a través dun “UFF” e “GRR” que ten na cabeza e no corpo.

Ademais, hai unhas cadeas debuxadas nos pes que simboliza o feito de sentirse encadeado fisicamente, o que impide avanzar. Isto xera impotencia xa que, o feito de ter que seguir escoitando diversos discursos de odio, provocan que non se avance como persoa e que tampouco avance a sociedade cara unha igualdade e unha xustiza social na que todos e todas poidamos gozar dun benestar. O “STOP” foi posto nesta dimensión xa que consideran que reducen o contacto coas persoas. O feito de manter o contacto físico cos demais xeráballe medo e rexeitamento debido á desconfianza e inseguridade. Tamén hai unhas interrogacións nos xenitais debido a que se cuestiona continuamente que teñen as persoas transexuais debido ao morbo e as diferentes cuestións relacionadas con esta temática, representando a falta de empatía e respecto que sofren as persoas do colectivo.

Na dimensión emocional, representada coa cor rosa, falan principalmente de sentimentos de ira e de rabia, froito dunha situación de loita en contra das inxustizas e prexuízos que rodean ao colectivo LGTBI+. Pero tamén falan de sentimentos de culpa orixinada por situacións que se nacen, por exemplo, por choques xeracionais con persoas maiores e os cambios nas formas de pensar e de entender a sociedade, como ben nos dixeron eles: “A culpa de dicirle a unha persoa maior [que pertenzo ao colectivo] e que non o chegue a entender e se desguste”. Fixeron presentes sentimentos como o medo derivado de situacións de exclusións e de ataques que sofren as persoas do colectivo polo simple feito de ser quen son e de facelo visible ao resto do mundo; tamén falan de medo a abandonar os espazos seguros que o propio colectivo creou, tal e como eles dixeron: “É difícil as veces, cando estás dentro desta burbulla, do asociacionismo e do espazo seguro, custa saír desta burbulla por pereza, polo que dirán, por medo, por todo”.